

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 20 de novembro de 2009 pola que se incrementa a dotación orzamentaria da Orde do 29 de xaneiro de 2009 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e da indemnización compensatoria, e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable no ano 2009.

A orde da Consellería do Medio Rural do 29 de xaneiro de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 21, do 30 de xaneiro) regula o procedemento para a solicitude, tramitación e concesión, para o ano 2009, das axudas previstas dentro do pagamento único e doutros réximes de axuda directa á agricultura e á gandería, así como a indemnización compensatoria.

Na súa disposición adicional primeira, parágrafo 1, precísanse as aplicacións orzamentarias e o importe económico previsto para o financiamento das ditas axudas, e no seu parágrafo 3 sinalase que as dotacións iniciais se poderán incrementar, se for procedente, tramitando o expediente de modificación de crédito oportuno.

Coa finalidade de poder amparar o maior número posible das solicitudes de indemnización compensatoria en Galicia, e posto que a dotación inicial resultante insuficiente, aprobouse o correspondente expediente de modificación de crédito, polo que cómpre, mediante esta orde, incrementar a dotación orzamentaria consignada inicialmente para a concesión das mencionadas axudas.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e facendo uso das facultades que me confire o artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como en uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. A dotación orzamentaria prevista para as axudas especificadas no capítulo 2 do título III da Orde do 29 de xaneiro de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 21, do 30 de xaneiro), conforme a disposición adicional primeira, parágrafo 1, alínea b) da dita orde, increméntase no importe de 4.546.402,83 euros, e con cargo á aplicación 11.90.712B.772.1, indemnizacións compensatorias, dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2009.

2. En todo caso, a concesión das axudas reguladas na dita orde estará limitada ás disponibilidades orzamentarias.

Disposición adicional

Única.-O incremento de crédito previsto no artigo único desta orde non afecta o prazo de presentación de solicitudes establecido na devandita Orde do 29 de xaneiro de 2009.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE FACENDA**

Orde do 18 de novembro de 2009 pola que se amplía o prazo de realización do segundo exercicio do proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2.

A orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 4 de xullo de 2008, (DOG número 130, do 7 de xullo) pola que se convoca o proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2 dispón na base II.1.1.2 que o prazo máximo para a realización do segundo exercicio será de 40 días contados desde o remate do exercicio anterior.

Unha vez realizado o primeiro exercicio o día 4 de outubro de 2009, tendo en conta a dispoñibilidade dos medios técnicos necesarios para o desenvolvemento do segundo exercicio e a proposta elevada para tal efecto polo tribunal calificador deste proceso selectivo, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, esta consellería

DISPÓN:

A ampliación do prazo de realización do segundo exercicio do proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2 en vinte días hábiles.

Contra este acordo de ampliación de prazo non cabe recurso ningún, de acordo co disposto no artigo 49.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2009.

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda